

Pontes, As

División administrativa do territorio diocesano creada en 1855, que subsistiu ata o ano 2006. Durante a súa vixencia, este arciprestado aglutinou parroquias pertencentes ós municipios das Pontes de García Rodríguez, Monfero e As Somozas, na provincia da Coruña, e de Muras, Xermade e Guitiriz, na de Lugo. Na actualidade as freguesías coruñesas que o conformaron foron incorporadas ó arciprestado de Ortegá-As Pontes, e as localizadas na provincia de Lugo pasaron a se adscribir ó da Terra Chá.